

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****GROVE, O****Ordenanzas e Regulamentos**

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE PARA REGULAR OS SUPOSTOS DE FUGAS DE AUGA.

A N U N C I O

De conformidade co establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais, finalizado o período de exposición pública sen presentarse reclamación ningunha, enténdese definitivamente adoptado o acordo do Pleno do concello de data 31.05.2021, de aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por subministración de auga potable, para regular os supostos de fugas de auga, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 10/06/2021 (BOPPO nº 109), procedéndose segundo o disposto no artigo 17.4 do devandito texto legal, á publicación do acordo automaticamente elevado a definitivo.

ARTIGO 6º.2 Consumo desproporcionado por fuga de auga.

Si no período de facturación se constatar a existencia dunha fuga de auga na rede interna de subministro do suxeito pasivo e esta fóra debidamente acreditada, como consecuencia dun feito fortuíto non atribuíble á negligencia do usuario, e o contador rexistrase un volume desproporcionado de consumo en virtude desta fuga, facturarase ao suxeito pasivo o consumo medio habitual dos dous exercicios inmediatamente anteriores, aplicándose as tarifas establecidas na ordenanza fiscal vixente da taxa por subministración de auga potable e a de sumidoiros e depuración.

Para a aplicación desta regulación sobre fugas, deberá resultar acreditada:

1. A involuntariedade das perdas e a ausencia de culpa ou negligencia.
2. Que o suxeito pasivo tome as medidas necesaria para reparar a fuga no prazo dunha semana desde que tivo coñecemento da existencia da fuga. Cando esta data no se coñeza, entenderase que o contribuínte tivo coñecemento da existencia da fuga no momento en que se lle notifique a factura da auga correspondente ao período en que se produciu a fuga.

Unha vez emitido informe polo Servizo municipal de augas, o usuario deberá presentar:

- a) Solicitud.



Mércores, 4 de agosto de 2021

Núm. 148

b) Factura orixinal do fontaneiro ou empresa que efectuou a reparación, na que se faga constar a clase e data da reparación realizada.

O prazo máximo para solicitar a aplicación destas tarifas será dun mes desde que tivo coñecemento da existencia da fuga.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da corporación local, entrará en vigor unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, e permanecerá vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

O Alcalde: Jose Cacabelos Rico.

